

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, Id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 66

A CRUÑA 10 DE SETIEMBRE DE 1918

A LIBERTADE D'OS POBOS

UN pobo cando s'alcontra cheio de vida, ategado d'arelas de libertade, non pode ollar con satisfacción, con indiferenza, com'os seus destinos s'achan intervidos, gobernados por outro pobo alleo. A mediatización da soberanía d'un país ten que repugnar fundamentalmente a todo país que se sinte a sí mesmo. Estonces, cando isto sucede, é que chegou pr'á aquel país o momento da súa maioría d'idade. E non val por parte do pobo qu'exerce a hexemonía pechal-os ollos pra non ollar as realidades. A craridade d'istas é tan deslumeante que aínda ás pupilas mais cegas dona luz, faguéndoas ollar. O desexo de libertade no pobo que se coida capacitado pra adimistrare o seu patrimonio espiritual e material é tan forte, como forte é o mesmo desexo no fillo que chegou á idade da súa emancipazón da tutela paterna. E nada importará que se pertenda con malas artes desbotar aquel outo sentimento de goberno d'un por sí mesmo. Por riba de todo, violenta ou naturalmente, unha vez que s'afincou no íntimo d'un individuo o mesmo que no d'unha colectividade, peitará por impórse e, tarde ou cedo, coste o que coste, abranguerá o arelado trunfo.

Pra un pobo cheo de vitalidade, ategado de puxanza, de desexos de vida intensa, soamente súa, a consecución de tal trunfo non pode sere menos d'unha custión vital, d'un preito de vida ou morte. E sendo unha custión de vida ou morte como un pobo en tales condizóns, con plétora d'enerxías, de varilidade, pode resinárese a seguirlas orentazóns e os encarrilamentos qu'outro lle trace? Certamente que tal resñazón sería un imposíble. Sería tal como pertender qu'un paxaro areloso de libertade, de voar, vountariamente queimase as suas ás ou se introducise antre os duros barrotes da xaula opresora onde s'atopa pra él toda negazón de libertade. A custión, pois, da emancipazón d'un pobo é algo que forzosamente, ineludiblemente ten que sere resolto sin aprazamentos, sin dúbidas que demoran e atrasan, sin vacilazóns. É unha custión que, unha vez pranteada, xa non ficará endexamais esquecida. Ela surxirá de cote como o

berro airado d'unha demanda lóxica e lexitima. Tal é o que sucede cō problema nacionalista.

E ista recramazón da libertade por parte d'un pobo; ista xusta eisixenza de desaparición de tutorías alleas—que sempre denotan incapacidade—, non pode ofender a ninguén, non pode magoar os sentimentos de ninguén. Porque eisi como o ben e a libertade de un soio pode desagradar ós demais, cando os demais son unhos cobizosos, unhos tiráns ou unhos malvados; do propio xeito, a libertade d'un pobo, o seu propio ben, non pode ofendere ós demais pobos, salvo a eisceución de qu'algún d'eles sexa niño de tiráns ou d'opresores. Estonces... estonces, cando tal sucede, é mester faguerlle comprender violentamente ó pobo ou pobos en custión aquel aforismo que faguemos noso: «a libertade d'un pobo non vai contra a libertade d'outro pobo.»

Porque é innegabre que cando s'atopa unha terra que se dí irmán d'outras, e aquela terra olla de cote con receio fondo todo intento de recobro d'autonomía, de libertade que s'iniñe nas terras irmáns, a aludida terra será todo o boa e o xenerosa que se queira, mais n-ela pode deofrese qu'a tiranía e a opresión fixeron o seu niño. Qu'o digan sinón o asimilismo e os unificadores intentos de Castela. A grandeza d'un pobo debe fundárese no traballo propio, no desenvolvemento das propias iniciativas, no valimento do seu esforzo colectivo. E todo o que non sexa isto, será asentare o propio engrandecimento na catívez dos mais, no esmagamento d'arelas renovadoras, na opresión e nos laios do alleo dôr. En todo aquilo que, n-unha verbe, repersenta a imposición oligárquica e bárbara d'un autocratismo de morte.

CLUDIO ESPASENDE.

FIXANDO PUNTOS

A BASE NAZONALISTA

O idioma é, indiscutiblemente, un produto natural da terra onde emeixeu. E sendo algo espiritual, esencialmente espi-

tual, non por iso deixa d'hachárese fortemente condizonado pol-as características do meio ambiente, pol-os rasgos materiaes da terra de qu'é verbo. O idioma é, pois, algo que puidéramos decir consubstancial co-a terra. Algo afincado na propia entranza d'ela. Un idioma sendo carne e sangue d'unha raza é, ó mesmo tempo, a eispresión eisterna da súa vitalidade; a manifestazón rotunda da súa eisistencia como persoalidade inconfundible e autónoma. Os idiomas, pois, son o único que fai d'un pobo algo inconfundible, algo propiamente seu, tan seu, qu'eles, os idiomas, veñen a sere no campo da abstrazón com'os rasgos fisionómicos das persoalidades colectivas que se chaman povos. Facede que desapareza n-un pobo o idioma propio, o idioma autóctono, e o pobo aquel, perdendo os seus rasgos característicos, ficará confundido con outro calquera. Non tornará endexamais a sere inconfundible, a sere seu. E sendo o mesmo—mais sin alma—ollará que non se pertenece; qu'unha mala fada trocôu o seu espírito por outro alleo. Entramentras que, de cote, pesará enriba d'él o forte e vergoñoso castigo d'unha tutoría perpetua, sin dereito a falar nin a obrar endexamais por conta propia.

É por isto, decatándose d'isto, pol-o que os nazonalistas de total-as terras estimaron i-estiman adoito, como custión básica da súa obra, a custión da lingua. Y-é por isto pol-o que, os nazonalistas de todol-os tempos e lugares, peitaron sempre con toda a súa maior puxanza. Porque pode un pobo, unha nazonalidade, hacharse moi asoballado, moi maltreito. Poden sere as imposicións do qu'o asoballa brutales, decisivas. Mais aquel pobo, pesi-a total-as imposicións e a total as torturas, por bárbaras que sexan, non deixará endexamais d'arelar a súa libertade e de coidar qu'aquela chegará algún día, sempre e cando a súa desnazonalización non se efeutuase. E isto sucede cando a espiritualidade latexa trunfante e desafiadora no idioma propio. Cando a lingua patria é como aramio transmisor que mantén acceso nos corazóns o roxo vivo do patriotismo que salva. Cando, n-unha verbe, os asoballados, os opresos, souperon opoñer ás tendenzas unificadoras, de raseiro, utilizadas pol-o tirán, a forza decisiva de diferenzazón

que no idioma látexa. Aquela forza eficazísima do linguaxe que tanto aglutina e cohesionada os qu'os falan. É que lles dona o separal-os dos demais, a ligazón irrompible qu'os lazos do sangue estabrecen nas familias, por numerosas que sexan.

Mais n-un caso contrario, cando un povo vai perdendo o seu idioma, deixando d'eis-presárese n-él, aquel povo, pouco a pouco, vai morrendose por dentro. O eistrano, todo o que lle é alleo i-eistrano, vai sustituíndo n-él aquilo que constituía a súa propia vida, as manifestazóns da súa vitalidade, por outras manifestazón, por outra vida. Y-estonces é cando tales povos escómezan a vida vilipendiosa da escravitude en que, o renunzamento de sí mesmos, do seu propio eu, lles fixo caere. Y-estonces é cando o odio-oso pecado contra Natura lle chega o xusto castigo que lle corresponde. Vivirá encadeado, escravizado, suxeto á vountade d'outro povo aquel que, por deixazón ou por renunza, fíxose indigno de vivire a vida ceibe a que tiña dereito obrando d'outro modo. Vida ceibe que soio se abrangue cando os pobos, faguéndose cegos pra todo o alleo, péchanse dentro de sí mesmos pra non atender mais qu'ó recobro da súa personalidade, á súa nazonalización, única panacea que fai os pobos libres e soberáns.

R.

¡Berremos!

A E. Correa Calderón.

¡BON irmán! Lín a tua confesión e coidei facer a miña.

¡Tua i-alma é irmá da miña i-alma! Almas xemeas que s'atopan a través das distancias.

Teus odios son os meus odios, teus amores os meus. No meu corazón os odios e os amores son irmáns; non poden vivir os uns sin os outros.

Sei amar porque sei odiar.

Os meus ouvidos chegou o teu berro; berro de rebeldía e de carraxe.

¡Berra, irmán meu, berra! Cicáis os nosos berros atópense no ar e fagan que a tempestade estale. ¡Ou trunfo ou morte!

I-entramentras non chega o día, quéroche dar un consolo no teu desterro na cibdá chulesca e maldita, respondendo dende a Patria:

¡Terra a nosa!

UN IRMÁN.

A Cruña.

HISTORIAS

O HOME-PÁXARO

Unha noite, na taberna,
Mexa-morno e outros máis,
de mil cousas anovadas
puñéranse a parolar:
de vapores submarinos,
de caixas con alalás,
dos Raios equis, de globos,
de máquinas pra mallar,
do telégrafo sen fios
e hastra do aceite-gas.

Pra Mexa-morno todo iso
non era menos nin máis
que andrómenas, argalladas
por uns cantos lacazás
que tiñan trato c'o demo
ou con él fan tratar.

—*Non son cousas anovadas
esas de que me faláis—*
dicía con muita aquela,
surríndose o mui langrán.

—*¿No véis como los zarzetes
amarjullan en la mar?*

*Pois el barco submarino
es un zarzete y no más.*

*¿No voan págaros grandes
como el ágila real?*

*Pois se o home se pon alas
o home ten que voar.—*

E d'este xeito, pra todo
tiña explicación cabal,
que non lle faltaba verba
ó Xerome de Chás-Chás.

—Argalladas, ser, serán-as,
pro tí facelo n'ó fas—

dixo con sorna ó zoqueiro,
rascando a orella un rapaz.

—*¿Qu'é o que dís? Veña outra cunca
e a min deixarme o demais,
qu'unque me rómpe os fuciños,
xuro a Dios e a San Xoán,
que se outros voan, eu voo,
e antes d'un mes hei voar.*

Máns a obra. No alboyodo
do zoqueiro, unha mañá,
muito antes do mes do trato
na taberna de Vilar,

Mexa-morno tiña á vista,
mui feitucas unhas áas
que daba xenio de velas,
tan as soubera amañar,
as cales, postas nos hombros,
torna e vira, ras e ras,
ó tirarlle por un veo
que él collía co'as dúas máns,
bambeábase e rexían
ben pra diante, ben pr'atrás,
semellando as dos buxatos,
punto menos, punto máis.

—*¿Non o vedes? O Xerome
nunca soupò recuar;*
dixo que o qu'outro fixera
él o facía... e xa está.

—Si, pero o conto n'é ese;
a custión eche voar—
rosmando, con retranqueira,
díxolle ó rente un langrán.

—*Pois agora vaise a vere,
e mentras n-hai que falar;
me ponjo así, d'este xeito,
sobre los hombros, las áas,
ruba por el campanario,
pejo un brinco... e a voar.*

—Ou te rompes os fuciños
espatelado no chán—

¡Inda séique! Mexa-morno
xa non quixo esperar máis:
amarróuse ben os veos,
foíse pr'o mesado, e... ¡zás!,
arrolándose no aire
esfuchicóuse no cháan.

—¡Non cho dixer, Mexa-morno,
que te ías a espatelar!

—¡N'hai qu'amocarme, ¡puñeflas!,
mé non xiringuedes máis;
fun un burro, ¡o non negol,
eu argalléi ben as áas,
pero esquecéuseme o rabo,
e sen él... ¡quén vai voarl,
se hastra o diaño ll'é perciso...
pr'as andrómenas que fai.

RAMON ARMADA TEIXEIRO.

(Do novo libro de versos *Da Terriña*.)

PÁXINA ESCOLLEITA

CONTRASTE

UNHA das cousas máis ledas qu'olléi endexamáis, era un alcipreste de cimiterio.

Había dous no osario: un, o alcipreste triste, un alcipreste cadavre, flaco, descarnado, nervioso, tan vello e deble, que cando o ar abaneábase semellaba como si tremase, e cando chovía díxeráse talmente que choraba; e o outro, ledo, mesto, de terciopelo vestido, ufano e virxen, todo él modelado, tenro e de cote cheo de verdor.

Mais o que lle faguía sere ledo era o enxame de páxariños que dormían nos seus brazos e alí aniñaban e vivían. Semellaba unha albore con palabra e cántigas antre aquela quietude; unha casa de vecindade preto dos nichos; unha escola chea de berros e de risadas. Todo o santo día, indo e vindo, baixaban, rubían, iban de visita, folgábanse, rifaban, levábanse as novas do lugar onde había panizo e non había cazadores, volcaban as criaturas, lavábanlles as patas e insiñábanlles ximnasia; rían, choraban e contábanse as suas cavilazóns; todo o día era un texemanexa de biliscos, de bicos e de picotazos; de rubir muxicas de palla pra mullil-os coxíns; de metel-a chola baixo a á e abraiar as lagartizas.

Ao serán aumentaba o alguereiro pra disputárese unha poliña; había unha furia de berros pra abranguere un toldo de follas, un guirigay pra conseguire unha alcoba; e despois, unha vez persignados os pequenos, antre os niños das polas e rezada a ourazón, o albore ficábase dormido antre os fogos fatuos que corrían.

¡Ouh albore ledo! En ningures hachábanse tan seguros como baixo aquel dosel de dozura; en ningures tan respetados pol-os homes como no mesmo osario; en ningures tan contentos como antre aquela paz poboada; de cote eles con eles; de cote cós seus; de cote ateigando a soedade coa sua festiva ledicia.

Até cando levaban un morto subía do alcipreste un vôo de vida.

SANTIAGO RUSIÑOL.

VERBES AXEITADAS

CENTRALISTA CONTRA DA CENTRALIZACIÓN

FRONTE á afirmazón ausurda qu' o Estado español é un modelo d'uniformismo e homoxeneidade, qu' algunchos unitaristas sosteñen máis por comenza que por convicción, atópanse un día e outro, esculcando nas páxinas que nos legaron os esquir-

tores do derradeiro século, conceutos e aínda páxinas enteiras reveladoras da sua disconformidade con tal afirmazón. E isto pesie á influencia que n-eles puido exercer a conceuzón, dominante estonces; do Estado napoleónico a base d'ausolutismo unificador e antinatural.

Eisí dí, por exemplo, Pastor Díaz, o centralista Pastor Díaz, na sua obra «Dez anos de controversia pabramentaria»: «... Cando procamamos a centralización como un adianto pr'ô país, e como unha lei de necesidade pr'ô Goberno, achábamosen moi distantes de donar á centralización isa significazón ausurdá e isas proporzóns cativieiras, que poden causar á adiministrazón e ô Goberno percuizos tan grandes com'as pertensiõs contrarias. Estamos, sóbor todo, moi distantes d'aprobar que se copée eisaxeradamente en todol-os ramos da administración pública a orgaizazón francesa, cujos bos resultados endexamáis outeranse onde non eisisten os hábitos e a índole d'aquel país, e ONDE FALLA MAIS PRINCIPALMENTE AQUELA UNIDADE MATERIAL, QUE LLE PRESTA A MESMA DISPOSIZÓN XEOGRÁFICA DO SEU CHAN.

Ao recorrer Francia, fitase cós ollos qu'aquel país é unha longa provincia; UNHA CORREIRÍA DO PIRINEU AO ESTREITO DE XIBALTAR É UN VIAXE POR VINTE NAZONS »

¿Comentarios? Nin o mais lixeiro é mister. Elo' por sí mesmo coméntase d'abondo.

Nubes

LOGO pol-a mañá cedo, o labrego ao levantarse, contemplou o seu trigo que o tempo seco obrigaba a amarelecer prematuramente. Unha nube ao longe, na que se fixou despóis de no seu rostro se haber marcado unha espresión de desgosto, fixo mudar ésta pol-a d'esperanza.

Aquela nube branca que aparecía no fondo azul do firmamento era o preludio d'unha chuba desejada para beneficiar o campo.

A natureza, vigía zelosa da propiedade do labrego, mandaba aquela nube como idea germinadora que cría outras novas para a realización d'unha obra. Esas ideas aparecen por todos lados, e logo o ceo cóbrese por completo; cae auga, o trigo medra e o labrego goza de satisfacción.

O pobo galego, com'o trigo, amarelece baixo o calor fétido d'unha organización podre, desconjuntada e vella.

No firmamento idealista dos galegos surge unha nube, non formada de moléculas de vapor d'auga, mas sí d'homes, e logo por toda Galicia surgen irmandades que

cobrirán un día todo este terruño donde caerá... chuba que afogando os caciques faga medrar o ben estar do pobo.

FERNANDO OSSORIO.

Cruña, 5-9-1918.

Opinión d'un forte galleguista

O gran jornalista Xavier Montero, redactor de *El Sol*, de Madri, dirixiu a seguinte carta, sen conecelo persoalmente, ô noso irmán, que agora vai nomearse:

«Sr. D. Antonio Villar Ponte.

Meu bóo siñore: Oxe tiven noticia de que deixou vostede *El Noroeste*. Eu dóulle a miña noraboa máis agasalleira. De cote riféi contra da influencia catalá na nosa terrá, porque sempre entendín que os catalás sóo deben coidarse do seu, que pra iles é suficiente. Xamáis dinlle creto ô podere de Cataluña como pobo redentore dos demáis.

Isto non é negare ôs catalás afoutas virtudes. É sóo decire que o punto de ollada dos catalás é Cataluña a cotío. E isto que dendes do punto de vista catalán istá moi ben, non-o pode istare dendes do punto de vista galego, cando de relacións galaico-catalás se trate.

Agora me lembro de que fai uns meses dirixínme n-un artigo meu á xuventude galega pr'a profetizárelle o que agora istá pasando c'os catalás.

—Xa veredes, xa—víñalles a decire eu—, xa veredes como botades o pelo co-isa xuntanza—E eisí é, porque eisí tiña de sere. Tamén recordo que un día díxenlle as mesmas cousas ô meu amigo Castelao, que procuraba deprocatarme de que a xuntanza era boa. Os meus vaticinios non marraron.

Felicitome d'ilo, e dóulle outra vez a noraboa. Ogallá que a influencia catalá non pase de chí.

Saúdao

XAVIER MONTERO.»

*
**

Todos os galleguistas significados e coasi todas as *Irmandades*, remitiron ao irmán Vilar Ponte, cartas e mensaxes de felicitación agarimosa, con moitas firmas.

Ele dícenos que ven archivando todo para facer un folleto.

Será prova de que o galleguismo é, por riba de todo, pureza e fidalguía.

Na adeministrazón d'A NOSA TERRA temos á venda o libro de poesías DA TERRA ASOBALLADA de Ramón Cabanillas.

Prezo 1'50 pesetas.

CONTOS PORTUGUESES DE EÇA DE QUEIROZ

FRAI GENE BRO

I

Nese tempo aínda vivía na súa solidade das montañas da Umbría o divino Francisco de Asis—e já por toda a Italia se louvava a santidad de Frai Genebro, seu amigo e seu discípulo.

Frai Genebro, na verdade, completara a perfeición en todas as virtudes evangélicas. Pola abundancia e perpetuidade da Oración, éle arrancava da súa alma as raíces mais miudas do Pecado, e tornava-lle limpa e cándida como un d'éses celestes jardins en que o sólo anda regado polo Señor, e onde só poden brotar azucenas. A súa penitencia, durante vinte anos de claustro, fora tan dura e alta que já non temía o Tentador, e agora, só con o sacudir a manga do hábito, rechazaba as tentacións, as mais pavorosas ou as mais deliciosas como se fosen apenas moscas importunas. Benéfica e universal á maneira de un orvallo de vrán, a súa caridade non se derramava samente sobre as miserias do pobre, mas sobre as melancolías do rico. Na súa humilísima humildade non se considerava nen o igual dun verme. Os bravíos baróns cujas negras torres esmagaban a Italia acollían reverentemente e curvaban a cabeza a este franciscano descalzo e mal remendado que lles insinuava a mansidume. En Roma, en San Joan de Letran, o Papa Honório beijara as feridas de cadeias que lle tiñan ficado nos pulsos, do ano en que nã Monrma, por amor dos escravos, padecera a escravitud. E como esas idades os anjos aínda viaxaban na terra, con as aas escondidas, arriados a un bordón, muitas veces, trillando unha vella estrada pagã ou atravesando unha selva, éle encontrava un mozo de inefável fermosura, que lle sorría e murmurava:

—Bons días, irmán Genebro!

Ora, un día, indo este admirável mendicante de Spoleto para Terni, e avistando no azul e no sol da mañá, sobre unha colina coberta de carvallos, as ruínas do castelo de Oofrid, pensou no seu amigo Egidio, antigo novicio como éle no mosteiro de Santa María dos Anjos, que se retirara áquela ermo para se aveciñar mais de Deus, e alí habitava unha cabana de colmo, junto das murallas derrocadas, cantando e regando as plantas do seu horto, porque a súa virtude era amena. E como mais de tres anos tiñan pasado desde que visitara o bon Egidio, largou a Estrada, pasou en baixo, no vale, o regacho que fugía por entre aloendros en flor, e comenzou a subir, lentamente, a colina frondosa. Despóis da poeira e ardor do camiño de Spoleto, era doce a larga sombra dos castañeiros e a erva que lle refrescaba os pes doridos. A meia encosta, nunha roca onde se esguedellavan silveiras, susurraba e lucía un fio de água. Estendido ao lado, na ervas húmedas, dormía, resonando consoladamente, un home que de certo alí gardava porcos, porque vestía un groso surrón de coiro e traguía pendurada da cinta, unha bucina de porqueiro. O bon frade bebéu de leve, afugentou os moscardós que zumbían sobre a ruda taz adormecida e continuou a trepar a colina, con o seu alforge, o seu cajado, agradecendo ao Señor aquela água, aquela sombra, aquela frescura, tantos bens inesperados. En breve avistón, con efecto, o rebaño de porcos, espallados baixo as frondas, roncando e fozando as raíces, uns magros e agudos, de cerdas duras, outros redondos con o fuciño curto atogado en gordura, e os baco-riños correndo en torno ás tetas das mais, lucidios e cõr de rosa.

Chegou á ermida. A cabana do ermidaño estaba no silencio. Egidio non andaría afastado porque sobre o mureño de pedra solta ficaría pousado o seu cántaro, o seu podón e a súa enxada. Frai Genebro empurróu a porta:

—Irmán Egidio!

Do fundo da choza ruda, que mais parecía cova de vicho, veu un lento gemido:

—¿Quén me chama? Aquí neste canto, neste canto a morrer!... A morrer, meu irmán!

Frai Genebro encontróu o bon ermidaño estirado nun monte de follas secas, encollido en farrapos con a faz como un pergamiño muito enragado, perdido entre os flacos das barbas brancas. Con infinita caridade e durezza o abrazou.

—¿E diga, irmán Egidio, pois que o Señor me trouxo, que podo eu facer polo voso corpo? Polo corpo, digo, que pola alma bastante tendes feito na virtude desta solidá.

Gemendo, arrepañando para o peito as follas secas en que jacía, como se fosen dobraduras dun lenzo, o pobre ermidaño murmurou:

—Me vou, Frai Genebro, non sei si é pecado, mas toda esta noite, en verdade vos confeso, me apeteceu comer un pedazo de carne, un pedazo de porco asadol... Mas será pecado.

Frai Genebro con a súa imensa misericordia, logo o tranquilizou. Pecado? Non, certamente! Sosegái, irmán querido, que ben sei como vos vou contestar.

E inmediatamente, con os ollos a relucir de caridade e de amor, agarróu o afido podón, que pousaba sobre o muro da horta, correu pola colina até aos densos castañeiros onde encontrara o rebaño de porcos. E aí, andando zorrateramente de tronco para tronco, sorprendeu un baco-riño que fozaba a belota, caeu sobre éle, mentras lle sofocava o fuciño e os gritos, decepou con dous golpes certos do podón, a perna por onde o agarrara. Depois, con as mans salpicadas de sangue, a perna de porco ben alta a pingar sangue, deixando a res a arquejar unha poza de sangue, o piadoso home salgou a colina, correu á cabana, gritou para dentro alegremente:

—Irmán Egidio, a peza de carne ja o Señor a deu. E eu, en Santa María dos Anjos, era bon cocíneiro.

Na horta arrancou unha estaca, que con o podón sangrento, aguzou en espeto. Entre duas pedras acendéu unha fogueira. Con celoso cariño asou a perna do porco.

—Ja vai alourando o porquiño, irmán Egidio! A pele ja tosta, meu santo!

Entrou, enfin na choza, triunfalmente, con o asado que fumegava e rescendía, cercado de frescas follas. Ternamente, ajudou a sentar o vello, que tremía e se babava de gula. Arredón das pobres fazulas maceradas os cabelos que o suor da fraquezza empastara.

Farto, consolado, Egidio deu un suspiro, recaiu no seu leito de follas secas. O señor, na súa justiza, pagase a seu irmán Genebro aquele pedazo de porco!

Frai Genebro, debrozado sobre éle, murmurou:

—Meu bon irmán, vos non podés ficar neste abandono... Eu vou levado por obra de Jesús, que non admite tardanza. Mais pasaréi no convento de Sambriena e daréi recado para que un novicio veña e cuide de vos con amor, no voso trance.

Mas Egidio cerrara os ollos, nen se movéu, ou porque adormecera, ou porque o seu espírito, tendo pagado aquele derradeiro salario ao corpo, como a un bon servidor, para sempre

partira, finda a súa obra na terra. Frai Genebro abenzou o vello, tomou o seu bordón, descendeu a colina dos grandes carballos. Alá, onde andava o rebaño, a bucina do porqueiro resoava agora nun toque de alarma e de furor. De certo descubrira o seu porco mutitado... Frai Genebro, alongando o paso, pensaba canto era magnánimo o Señor en permitir que o home, feito á súa imágen augusta, recibese tan fácil consolación dunha perna de porco asada entre dúas pedras.

Retomou a estrada, marchou para Terni. E prodigiosa foi, desde ese día a actividade da súa virtude. Através de toda a Italia, sen canso, pregou o Evangelio Eterno, adoando a aspeza dos ricos, alargando a esperanza dos pobres. Asin longos anos errou entre os homes vertendo o seu corazón como a agua dun río.

Enfin, unha tarde, en víspera de Páscoa, estando a descansar na escadaria de Santa María dos Anjos, avistón de repente, no ar liso e branco, unha vas'a man luminosa que sobre éle se abría e faiscava. Pensativo, murmurou:

—Eio a man de Deus, a súa man direita, que se estende para me acoller ou para me repeler. Deu logo a un pobre, que alí rezava, con o seu saco nos joellos, todo o que no mundo lle restava, que era un volume do Evangelio, muito usado e manchado das súas lágrimas. No domingo, na igrexa, ao levantar da Hostia, desmaiou. Sentindo entón que ia terminar a súa jornada terrestre, quixo que o levasen para un curral, o deitasen sobre unha camada de cinzas.

En santa obediencia ao guardián do convento, consentiu que o limpasen dos seus trapos, lle vestisen un hábito novo: mas, con os ollos alagados de ternura, implorou que o enterrasen nun sepulcro emprestado como fora o de Jesús, seu señor.

E suspirando, só se queixava de non sofrer: —¿O Señor, que tanto sufréu, porque me non manda a min o padecimento bendito?

De madrugada pediu que abrisen, ben largo o portón do curral.

Contemplou o céu que clareava, escuitou as andoriñas que, na frescura e silencio, comezaban a cantar sobre o beiral do tellado e, sorrindo, recordou unha mañá, así de silencio e frescura, en que, andando con Francisco de Asis a beira do lago de Perusa, o mestre incomparábel se detivera ante unha árbore cheia de páxaros, e, fraternalmente, lles recomendara que louvasen sempre o Señor! «Meus irmáns, meus irmáns paxariños, cantái ben o voso Criador, que vos dou esa árbore para que nela habiteis, e toda esta limpa agua para nela beber, e esas plúmulas ben quentes para vos agasallaren, a vós e aos vosos filliños!» Despóis, beijando humildemente a manga do monge que o amparava, Frai Genebro morréu.

II

Logo que éle cerrou os seus ollos carnaís, un grande Anjo penetróu diáfananamente no curral e tomou, nos brazos, a yalma de Frai Genebro. Durante un momento, na fina luz da madrugada, deslizou por sobre o prado fronteiro tan levemente que non rozaba as puntas orballadas da erva alta. Despóis, abrindo as aas, radiantes e niveas, transpôs, nun voo sereno, as nubes, os astros, todo o ceu que os homes coñecen.

Aniñada nos seus brazos, como na dozura de un berce, a yalma de Genebro conservava a forma do corpo que sobre a terra ficara; o hábito franciscano aínda a cobría, con un resto de

poeira e de cinza nas pregas duras, e, con un ollar novo, que agora todo traspasava, nun deslumbramento, aquela región en que o Anjo parara, para aló dos universos transitorios e de todos os rumores siderais. Era un espazo sen límite, sen contorno e sen côr. Por cima comezaba unha claridade, subindo espallada a maneira dunha aurora, cada vez mais branca, e mais lucente, e mais radiante, até que resplandecía nun fulgor tan sublime que nela un sol coruscante sería como unha luz pardecenda. E por baixo extendíase unha sombra cada vez mais fusca, mais cincenta, até que formava como un espeso crepúsculo de profunda insondável tristeza. Entre esa refulgencia ascendente e a escuridá inferior, permanecera o Anjo inmóvil, esperando, con as aas pechadas. E a alma de Genebro perfectamente sentía que estaba alí, esperando también, entre o Purgatorio e o Paraíso. Entón, súbitamente, nas alturas, apareceran os dous inmensos pratos dunha balanza—un que rebrilava como diamante e era reservado ás súas Boas Obras, outro, negreando mais que carbón, para receber o peso das súas Obras Más. Entre os brazos do Anjo, a alma de Genebro estremeceuse... Mas o prato diamantino comezou a descender lentamente. Oh! contentamento e gloria! Carregado con as súas Boas Obras, éle descía, calmo e majestoso, espargindo claridade. Tan pesado viña, que as súas grosas cordas se retesaban, rangían. E entre elas, formando como unha montaña de neve, alvejaban magnificamente as súas virtudes evangélicas. Alá estaban as incontáveis esmolas que semeara no mundo, agora desabrochadas en alvas flores, cheias de aroma e de luz.

A súa humildade era un cimo, aureolado por un claror. Cada unha das súas penitencias scintilava mais límpidamente que cristais purísimos. E a súa oración perene subía e enrolábase en torno das cordas, á maneira dunha deslumbrante névoa de ouro.

Sereno, tendo a majestade de un astro, o prato das Boas Obras parou, finalmente, con a súa carga preciosa. O outro, alá enriba, non se movía también, negro, da côr do carvón, inútil, esquencido, vacío. Já das profundidades, sonoros bandos de serafíns voavan, balanceando palmas verdes. O pobre franciscano ía entrar triunfalmente no Paraíso—e aquela era a milicia divina que o acompañaría cantando.

Un lóstrego de alegría pasou na luz do Paraíso, que un santo novo enriquecía. E a alma de Genebro anteprovou as delicias da Benaventuranza.

Súbitamente, poriso, no alto, o prato negro oscilou coma un peso inesperado que sobre éle caise! E comezou a descender, duro, temeroso, facendo unha sombra dolente através da celestial claridade. ¿Qué Má Ación de Genebro traguía éle, tan miuda que nen se avistava, tan pesada que forzava o prato luminoso a subir, remontar ligeiramente como se a montaña de Boas Acións, que nele trasbordaban fosen un fume mentiroso? ¡Oh! mágoa! oh! desesperanza! Os serafíns recuavan, con as aas trementes. Na alma de Frai Genebro correu un arrepiamento de terror. O negro prato descía, firme, inexorável, con as cordas retesas. E na región que se cavara baixo os pes do Anjo, cincenta, de inconsolável tristeza, unha masa de sombra, molemente e sen rumor, creceu, rolou, como a onda dunha mare devoradora.

O prato triste, mais triste que a noite, parara—parara en pavoroso equilibrio con o prato que rebrilava. E os serafíns, Genebro, o Anjo que o trouxera, descubriran no fondo daquela prato que inutilizava un Santo, un porco, un pobre porquiño con unha perna bárbaramente cortada, arquejando a morrer, nunha poza de sangue... O animal mutilado pesava tanto na balanza da justiça como a montaña luminosa de virtudes perfectas.

Entón, das alturas, surgiu unha vasta mán, abrindo os dedos que faiscaban. Era a mán de Déus, a súa mán direita, que aparecera a Genebro na escada de Santa María dos Anjos, e que agora supremamente se estendía para o acoller ou para o repelir. Toda a luz é toda a sombra, desde o Paraíso fulgente ao Purgatorio crepuscular, se contrairan nun recollimento de inexpresível amor e terror. E na estática mudez, a vasta mán, a través das alturas, lanzou un gesto que repelia...

Entón o Anjo, baixando a faz compadecida, alargou os brazos e deixou cair, na escuridá do Purgatorio, a alma de Frai Genebro.

(NOTA DO COPIADOR: *Se isto lle pasou ao Santo Genebro, que lles non pasará aos cristianos e cristianas gallegos que van as bárbaras festas de touros?*)

Noso folletón

HOJE comezamos a publicar un traballo muito interesante no noso folletón. Nêle saíron já un estudo da obra de Cabanillas do noso irmán Villar Ponte (A.) e outro sobre os problemas culturais, do douto catedrático, también bon irmán, J. Viqueira.

Hoje van as primicias da notabre conferencia que na *Irmandade* lêra o académico da Gallega, D. Florencio Vaamonde, aló pol-o inverno.

D. Florencio, imaxen da modestia, é para os rapaces que loitan pol-a redenzón da Terra desde fai perto de tres anos, inda máis que un mestre: un símbolo.

Culto, con unha cultura mui fonda e extensa que a él mesmo lle debe—poucos na Galicia saberán tantas cousas ben comprendidas como D. Florencio—sentíu sempre o enxebrismo. Como a abella nas rosas, él sugou en todos os nosos feitos históricos, en todas as nousas cousas de cultura, para ofrecerlle á Patria a mel da ciencia. É dos homes exemplares, neste país de folgazáns e desleigados. Él, tan miudo, tan magro, tan humilde, leva dentro de sí, e máis fai ben, a soberba do deber cumprido.

Por onde queira que D. Florencio Vaamonde pase, sempre que un galleguista o olle, terá un respeito e unha admiración. El rindiú a Galicia seu talento, e como discípulos o saudamos todos os bós fillos da nai Terra. D. Florencio, poeta académico, historiador, polígrafo, caladamente traballa. Fruto do seu traballo é o que desde hoje irá saíndo no noso folletón.

De Guerra Junqueiro

A ESCOLA CÁRCE

A alma da infancia é un paxariño;
Gorgeia o niño e a escola chora:
Na infancia cai a noite; e o niño
Ten sobre as plúmulas d'armiño
A aurora.

A alma da infancia é flor mimosa:
A escola é triste e a flor vermella:
Na escola para a c'rujá odiosa,
E sobre o cálice da rosa
A abella.

Tu fas, joh, Patrial, as almas cegas,
prendendo a infancia n-un covil.
Aves non cantan nas adegas;
Se a infancia é flor, ¿por qué lle negas
Abril?

De Rosalía Castro

* * *

Lévame a aquela fonte cristaiña
Onde xuntos bebemos
As purísimas augas qu'apagaban
Sede d'amor e chama de desejos,
Lévame pol-a man cal n'outros días...
Mas non, que teño medo
de ver n'o cristal líquido
A sombra d'aquel negro
Desengano sen cura nin consolo
Que entr'os dous puxo o tempo.

De Ramón Cabanillas

* * *

Alma da nobre
terriña celta
que os nosos eidos
gardando estás,
alenta ós tristes
fillos leales
que en vida e morte
tras de ti van.
Crava nos cumes,
verte nos vales
o vello credo
dista nazón:
Nosos costumes,
noso dereito,
a nosa fala
é o noso Dios.

BREVIARIO

O Rei connosco

Hai que plantar en toda España, poulas da árbore de Guernica.

J. COSTA.

o Congreso de Estudos Vascos que se fixo en Oñate, poucas datas atrás, ten grande importancia para nós. Algús xornas faláron d'elo.

O Rei Don Alfonso, contestando ao discurso do alcalde da dita vila, recoñeceu valores, pregando polo seu exaltamento, que son fundamentalmente nazonalistas.

«Cultivade lles dixó—vosa lingua, milenaria e venerábel joia apreciadísimas do tesouro da humanidade que recibistes en herdo de vosos pais para lla deixar aos vosos fillos; estudade vosa historia, vosa vida jurídica, buscando á luz dos estudos sobre a raza e as linguas, as fundas raíces que facerán fortes vosos corazóns e vosas bocas.»

Non outra cousa predicamos nós. E agora, no adianté, cantos, chamándose monárquicos, nos combatan, ficarán alongados da Monarquía. O Rei está connosco. E o está, logo de ouvir falar en éuskaro ao alcalde de Oñate e máis a un Bispo. Axiña os centralizadores serán os únicos separatistas.

Esperemos aínda máis sospechas. Porque Don Alfonso, é sabido que ten dito aos catalás, fai tempo, que, cando vaia a Barcelona, falará aló no idioma de Verdaguer.

E se logo ven á Galicia, de non falar o gallego, cando menos permitirá que llo falen... Se algun idioma da Península debera saber o Rei, ese idioma tería que ser o noso. Por alto patriotismo habería que lle aconsellar que o deprendera. Porque éle é irmán do portugués. E o soño de todo bõn español se basa nunha confederación ibérica.

¡Qué ben cadraría nos beizos de Don Alfonso a doce lingua gallega! Lingua da aristocracia antano; lingua das Cortes e das Justas do amor; lingua universalizada no arte como hoje a italiana; lingua que falou o único Rei sabio que tal nome mereceu na Historia e que, por feliz coincidencia, se chamaba también Alfonso!...

O alcalde de Oñate falou en éuskaro. Houvo un alcalde gallego—alcalde rural—que unha vez—ja o dixemos noutrora—presouse na sua lingua por non coñecer o castelán, cando Sabela II veu a Galicia. Un ministro reprendera ao alcalde labrego entón. E este, cheio de dignidade, escramara: «Eu coidéi que os reises tiñan obrigación de saber todas as falas do seu reinado.» Contan que a raíña lle dixó daquela: «Ten razón o bõn alcalde; cando volte por Galicia saberéi falar gallego.»

Sabela, dos TRISTES DESTINOS, non poido cumprir a sua promesa. ¿Será Don Alfonso o cumpridor?

Nós temos posta a nosa fé, fortè e funda, en grandes cousas que virán...

A. VILLAR PONTE.

Peneirando...

LE damos a nosa embora ao notabre escritor e académico D. César Vaamonde Lores, pol-o feito de ter descuberto un escudo da Cruña nunha pedra achada na rúa Real da cidade herculina.

Por isto e pol-o haber regalado ao Concello cruñés, ben merece unha loubanza tan traballador e culto académico.

Efeito da sécura, veñen ardendo moitos montes da nosa Terra.

Isto é dóroso. As chamas son pouco oportunas.

Se se queimasen outras cousas...

Despóis do de Oñate, as festas do centenario de Covadonga.

A elas asistiu o Rei. E Cambó también. ¿Será agora cando comece a reconquista da unidade ibérica pol-o recoñecimento da persoalidade d'as nacios peninsulares?

¿Pensará Cambó en inspirar confianza aos patrioteiros para logo sere o escultor, desde o Poder, da Iberia federal?

Pero home, ¡que sempre teñen que ser gallegos os que sirvan de mingo, cando os patrioteiros do centralismo queren abafar o espírito de autonomía e liberdade de Euskadi e Cataluña!

O Bispo de Vitoria, Sr. Eijo, foi no seu discurso de Oñate máis españooleiro que o mesmo Rei.

1) FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

PROCESO DA CULTURA GALEGA

CONFERENCIA lida na noite do 24 de Febreiro de 1917 na Irmandade da Fala da Cruña, pol-o seu autor, noso irmán e mestre D. Florencio Vaamonde

O ilustre polígrafo Padre Sarmiento decía, e decía ben, que o principio de moitos erros consiste en que non se mira atrás e só se atende a mirar o que está presente, pol-o que é forzoso mirar mui atrás hasta onde puidera alcanzal-a vista. E esto que o padre decía é certamente aínda máis aplicable aos asuntos históricos, porque si non recorremos os séculos pasados con toda atención e preparación necesarias non adiantaremos un paso con acerto.

Os estudos históricos hachan poucos cultiyadores entre nós, porque tampouco o público é mui levado por eles, e d'ahí o desconocimento, casi xeneral, do que foi Galicia noutros tempos e o falso concepto que se ten do seu progreso. Como este progreso principiou e cómo se desenvolveu hasta chegar ao d'agora, será o tema d'esta conferencia. Recelo que ela non sea para os que me escoitan unha verdadeira decepción,

pol-a miña insuficiencia, pero o interés que o asunto ten en sí, cuido sera d'abondo para contar de antemán co'a vosa benevolencia, e disculpal-o atrevimento meu.

Quen foron os primeiros poboadores de Galicia, é custión mui escura. Cúidase fosen os celtas, que invadiron a nosa terra e formaron nela os seus gahs ou abrigos para resgardárense da intemperie e dos animas dañinos. A mesma voz gah quer dicir «monte ou altura con familia». Os celtas tamén lles chamaban carn; os romanos castrum, e nosoutros dámoslles o nome de castros.

Din moitos que a invasión céltica tuvo lugar en Galicia unhos trinta séculos antes da era cristiana, e que os celtas, formaban parte daqueles pobos primitivos que se estenderon pol-o globo e de quen o orixe vai unido ás primitivas lembranzas do mundo. O seu territorio estaba encravado entre o mar Caspio, o Ponto Eusino, o Tyras e o mar do Norte, terra de moitas arbres pois o mesmo nome de celta (ceilt) quer decir: morador dos bosques. Este gran pobo ocupou varios países da Europa dos que, arremuxada por outros pobos, chegou hasta os bosques e montañas do Occidente, onde afincou. Case todol-os seus recordos desapa-

receron por complot, e é tanto a incertidume d'aqueles tempos, que hoxe non conservamos deles máis que unhas lixeiras indicacións, e a pesar de añadírenlles os sabios modernos total-as luces da lingüística, atopamos por desgracia, nós autores, opinións encontradas; erros e contradicións.

Dise tamén que, onde máis vivo e elocuente se conserva a lembranza da dominación céltica, e no grande número de moimentos que deixaron en pé e chámanse dolmes, menhires, menshaos, penas baladas ou moventes, túmulos e barrows, e os dous cromlechil únicos que se conocen como tales na nosa rexión, o das Pontes de García Rodríguez, descuberto pol-o distinguido arqueólogo de Ortigueira, D. Federico Maciñeira Pardo de Lama, e o do monte Neme ou Nemio, Concello de Malpica, descuberto pol-a miña humilde persona. Todos estos moimentos reciben o nome de megalíticos ou megalitos en xeneral, das voces gregas megas, grande, e litos, pedra; pero como modernamente xa non se admite que tales moimentos fosen feitos pol-os celtas, non samente porque eisistiran en países a onde non chegaran os celtas, sinón tamén porque estes pertencen aos dominios históricos,


Galleguiños, galleguiños, cánta carne de escravo temos que redimir aínda...



Despóis da guerra, teremos na nosa terra unha liña aérea, trasatlántica.

¿Tambén os nosos caciques se dispórán a conquistar o ar para eles?

Se son difíciles de cazar ao parado, ao voo non haberá perdigón que os pille...



Aviso aos suscritores

Rogamos a cantos veñen recibindo A NOSA TERRA e inda non se puñeron a cu-

berto con esta Administración, que nos manden o importe da súa suscripción, pois en caso contrario nos veremos percisados a tomar un camiño que nen aos deudores nen a nosoutros nos agradaría.

Dicirémolo por derradeira vez.

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA.

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

- DE -


M. Losada e Fillo
A CRUÑA

FRÁBICA MECÁNICA

DE CALZADO

- DE -

ANXEL SENRA



RÚA XUAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

¡GUERRA AOS CALLOS!

Callos, sabaños e ollos de galo cúranse co

Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Esposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez.
Repesentante: Manuel Sánchez - A Cruña.

De venta n'as boas Boticas

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu deseio de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

LA MODERNISTA GRAN SALÓN DE BARBEIRÍA

- DE -

Ramos e Acea

San Andrés, 94-1.º — A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfeición e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, lociós e friciós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o púbrico un servició permanente a cárrego dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluqueirías d'esta capital.

Na administración de A NOSA TERRA temos á venda o libro de poselas

Da Terra

Asoballada

- DE -

Ramón Cahanillas

Prezo: 1'50 pesetas

GRAN FRÁBICA DE CAMELOS

BOMBONES, ETC., ETC.

LA SUIZA GALLEGA

TORRES & GUIROL

Estrella, 22. — A CRUÑA

Ista Casa é a máis importante da Rexión

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS
FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434



Os viños e coñas millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1730. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth máis selecto

de mundial e de reconecida sona é o CINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un eispréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO (matriculado) de todas istas mareas:

José C. Juncosa

Galera, 39 e 41 - 2.º piso. — A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL
(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontela, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faranse 6 autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña.— Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

Fábrica de Gorras

— E —
SOMBREIRERÍA

DE
Lois Fernández Vieites
San Andrés, 69-71 — A CRUÑA

OBRAS PORTUGUESAS EN PORTUGUÊS

As millores de Eça de Queiroz, de Guerra Junqueiro, de Eugenio de Castro de Camões

Tamén as principaes de autores galegos

Véndense n'a librería de P. GUÉ e C.^a
Rúa Real, 49.— A CRUÑA

H. LA PALOMA

— DE —
Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO — VIGO

MONTERO E COMPAÑÍA

Oficina técnica e almacén de venda:

Rúa de Emilio Castelar, 8

Depósitos:

Calle del Castillo, 12-LUGO

Direitor:

D. FERNANDO M. DOIZTÚA, *Inxeniero*

Venda e colocación de toda clase de máquinas agrícolas e industriais

Estudo de toda clase de proxectos e construcións

PRESUPOSTOS. GRATIS

Sulfatos, semillas, carburo, benzol e bencina

Consultorio Médico-Quirúrxico**J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermidades en xeneral
ESPECIALIDADES

Pel, (incruso cáncer, lepra, lupus e úlceras atónicas),—Peito, Estómago, Anemia

Reumatismo, Artritis deformantes

Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Sueroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete Fisioterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos á prezo e horas convencionais

Non se fai asistencia Os Fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquina a Picavía)

A CRUÑA


VIÑOS FINOS**RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

WALDO LOSADA - A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LINEA DE HABANA E VERACRUS

Prezo en terceira â Habana	Ptas. 298'60
» » Veracrús.	» 313'60

Facilítanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clâs d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.